

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025611	IES Monte das Moas	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Relixión católica	2º Bac.	1	29

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Bacharelato, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que reconece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos estudantes. Coa súa identidade e natureza, a materia de Relixión Católica, en liña cos fins propios do Bacharelato, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á maduración do proxecto persoal e profesional, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá, os seus principios e valores sociais; e con ideoloxías e humanismos presentes na nosa sociedade. Responde á necesidade de comprender críticamente e mellorar creativamente nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento do proxecto vital que aspira á súa realización persoal e profesional, así como á súa preparación para a educación superior.

A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia á aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan a necesaria formación académica en Bacharelato. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave do 2018 e quere integrarse no seu horizonte do 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da Relixión Católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas ao desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e asumir o proxecto vital persoal, recoñecendo as propias ideas e crenzas, contrastándoas coa antropoloxía cristiá e outras cosmovisións, para inserirse na vida adulta e no mundo profesional.	1-3			1-4	11-12-31-40-50		2-3	31
OBX2 - Recoñecer e desprezar o carácter relacional do ser humano, como fundamento dos deberes e liberdades, desenvolvendo actitudes cívicas e democráticas, contrastando o Evanxeo con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, para aprender a vivir con outros e contribuír á construción dunha sociedade inclusiva.	2-5	3	5	3	20-32	1-2-4	1	
OBX3 - Interpretar os desafíos democráticos, socioeconómicos e ecolóxicos, analizando as súas causas e consecuencias desde a moral social da Igrexa, discernindo as propostas sociopolíticas das relixións e os movementos sociais, para asumir a ecoloxía integral e a responsabilidade persoal e social no coidado da vida e do planeta.	1-5		3	1	20-32	3-4	1	31-42
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural, interpretando o seu significado e expresións cos métodos de análises propias de cada disciplina, valorando criticamente as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos, para intervir con criterio propio no diálogo intercultural, a creación artística e na construción social do pensamento.	4	3	2-3			3		1-2-32-41-42
OBX5 - Valorar a dimensión espiritual como fonte de sentido e aprendizaxes vitais, a través da análise das experiencias persoais, do coñecemento das tradicións espirituais, e do diálogo interdisciplinar con outras visións da vida e do mundo, para descubrir as oportunidades persoais, sociais e culturais da experiencia espiritual como proposta de plenitude da vida persoal e comunitaria.	1				11-20-40	3	2	1-31-41
OBX6 - Coñecer o método propio da Teoloxía e as súas distintas especialidades analizando o seu lugar entre os saberes e disciplinas, establecendo un diálogo transdisciplinar coas outras ciencias, para afrontar criticamente os desafíos éticos e a transformación social.	2-3		4	1	31-40-50	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O proxecto vital cristián	Analizaremos a procura de sentido da vida que todo ser humano experimenta e tamén as respostas a esta procura para comprender a importancia dun proxecto de vida enmarcado nuns valores, tamén como o proxecto de vida se enriquece desde os valores cristiáns.	30	7	X		
2	A persoa e a súa dimensión social	A pertenza a unha sociedade determinada é unha clave de identidade da persoa. Os seres humanos estamos insertos nun ámbito social ao que pertencemos por dereito propio ou elección persoal. Analizaremos as distintas aportacións sociais do cristianismo e como abarcan todas as cuestións importantes que afectan á persoa.	25	7		X	
3	A teoloxía cristiá	Analizaremos: -O termo teoloxía -As características da teoloxía cristiá -A teoloxía ao longo da historia -A teoloxía en diálogo coa filosofía e coa ciencia	25	8			X
4	O cristianismo e a cultura	Aprenderemos sobre: -A experiencia relixiosa e o sentido relixioso da vida -O exemplo da santidad -As catro notas da Igrexa -O diálogo do cristianismo con outras relixións, coa filosofía e coa ciencia.	20	7	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O proxecto vital cristián	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Coñece os elementos principais dun proxecto vital tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	PE	60
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Describe os desafíos da sociedade e propón solucións baixo o prisma cristián e doutras cosmovisións.		
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Coñece a experiencia relixiosa cristiá polos relatos bíblicos e valora como o cristianismo responde as distintas cuestións vitais.		
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica os elementos clave do proxecto vital. Contrasta as ideas e crenzas da identidade persoal con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá.	TI	40
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Valora e promove compromisos de respecto á diversidade e inclusión.		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Promove a plenitude humana e a transformación social a través do deseño de proxectos persoais e comunitarios.		
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Valora a dimensión espiritual como parte da realidade presente nas culturas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional. - Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal. - A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá. - Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional. - A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa. - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena.

Contidos

- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

UD	Título da UD	Duración
2	A persoa e a súa dimensión social	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándooos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándooos a diferentes situacións sociais.	Coñece os principios fundamentais da DSI e aplícaos a diversas situacións sociais.		
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Identifica retos políticos e económicos en contornas locais e globais e propón posibles solucións. Identifica a proposta do Evanxeo para a construción e coidado da casa común, a diversidade e a inclusión de todos.	PE	60
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándooas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Valora a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso presente nas culturas.		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Desenvolve a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral a través do deseño de proxectos.		
CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura.	Valora a través do patrimonio como o cristianismo está presente na cultura.	TI	40
CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimentos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo.	Analiza as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos e desenvolve sentimentos de pertenza á propia tradición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.
- A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano.
- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvolvidos en clave vocacional.
- A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa.
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.
- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa (DSI).
- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.
- As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual.
- Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
- Proxectos sociais e de promoción humana da Igrexa, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

UD	Título da UD	Duración
3	A teoloxía cristiá	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitud, etc.) e doutras cosmovisións.	Coñece as ideas e crenzas da identidade persoal e contrastaas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá.	PE	60
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Valora a experiencia cristiá como resposta a cuestións vitais e de sentido. Comprende o diálogo do cristianismo coa filosofía e a ciencia.		
CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas.	Recoñece as achegas éticas propostas desde a teoloxía. Comprende o diálogo da teoloxía coa ciencia e coa filosofía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Identifica os elementos esenciais dun proxecto vital desde a autonomía e a responsabilidade social, atendendo a proposta cristiá e os valores sociais.	TI	40
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Entende os desafíos da civilización actual e recoñece as aportacións que poden facer ciencia e teoloxía desde unha mutua colaboración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano. - Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal. - A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións. - Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura - Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas. - Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas. - Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria. - Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena. - Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais. - Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina. - Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade. - Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía. - Inserirse criticamente na sociedade. - Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional. - Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.

UD	Título da UD	Duración
4	O cristianismo e a cultura	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándooos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándooos a diferentes situacións sociais.	Distingue e contrasta os principios fundamentais da mensaxe social cristiá con outras ideoloxías contemporáneas.	PE	60
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Analiza os desafíos democráticos e socioeconómicos en propón posibles solucións tendo en conta a proposta moral do Reino de Deus.		
CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura.	Comprende as formas nas que as ideas e crenzas se expresan nas distintas culturas. Valora como se xeran identidades culturais e sentidos de pertenza social a través da expresión das ideas e crenzas. Analiza como o cristianismo se integrou na historia empapando a cultura.		
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Promove compromisos de respecto á diversidade e inclusión na sociedade.	TI	40
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Elabora proxectos persoais e comunitarios que fomentan a transformación social desde a responsabilidade individual e a xustiza social.		
CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimentos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo.	Coñece o legado cultural. Comprende o patrimonio a través do diálogo entre a fe cristiá e a cultura. Participa no diálogo intercultural con iniciativa persoal.		
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Distingue os desafíos da civilización actual e recoñece as aportacións que poden facer ciencia e teoloxía desde unha mutua colaboración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá. - A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións. - Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura

Contidos

- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.
- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.
- Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena.
- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.
- O cristianismo e a súa expresión artística na música, a literatura e as artes.
- Habilidades para a análise e a contemplación de obras de arte sobre relatos bíblicos, historia da salvación e vida de Xesucristo.
- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual.
- Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coas propostas metodolóxicas e as aprendizaxes da materia de Relixión Católica, inspiradas na antropoloxía cristiá, consolídase o proceso de desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas: profúndase en aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna social que contribúen a madurar a identidade persoal e cultural; aséntanse aprendizaxes de actitudes e valores, necesarios para a vida individual e social; madúranse aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida, forman parte do necesario crecemento interior e a preparación para a vida adulta e profesional. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos e todas, fortalecen o poder transformador da sociedade e supoñen unha contribución propia á súa formación académica.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todo o alumnado para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumnado, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;

- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa; - Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia. As orientacións metodolóxicas de cara ás avaliación programadas, harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos facilitados polo profesor
Distintos materiais: fotocopias, imaxes para comentar e desenvolver o aprendido,....
Documentos da Igrexa Católica: encíclicas, documentos do Concilio Vaticano II,...
Biblia
Aula Virtual do centro
Recursos lúdicos tanto en papel como en soporte dixital (crucigramas, sopas de letras, kahoots,...)
Artigos de revistas e xornais, información de ONGs
Películas e documentais

Os recursos didácticos que se propoñen están en coherencia e ao servizo dos demais elementos desta programación didáctica. A insuficiente carga lectiva da nosa materia esixe unha planificación que permita rendibilizar os tempos de traballo directo co grupo para desenvolver o programado.

Non hai libro de texto, apórtase ao alumnado apuntamentos, guións, fichas,.... con indicacións de traballo, para que él mesmo vaia construíndo a súa propia aprendizaxe.

Todo o alumnado está matriculado na aula virtual, nela colgaranse mapas conceptuais, sínteses e todos aqueles materiais aos que o alumnado precise ter acceso para traballar.

Poderanse utilizar todos aqueles recursos que se precisen según se vaia desenvolvendo o curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade, polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado ao comezo do curso a través dun sinxelo cuestionario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	25	25	20	100
Proba escrita	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación ordinaria estrutúrase en tres avaliacións parciais, cualificadas cunha nota numérica enteira (entre 1 e 10); a nota mínima para aprobar será un 5. O alumnado que non acade na avaliación ordinaria o 5 terá a oportunidade de superar a materia na avaliación extraordinaria, que se rexerá polos criterios de recuperación expostos máis abaixo.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

- Traballo persoal do alumno na aula: facendo fichas; tomando apuntamentos na libreta; orde, limpeza e claridade tanto dos apuntamentos como das actividades propostas; ... Isto supón ata un máximo do 20% da nota.
- Participación na aula e implicación na materia: preguntas plantexadas polo alumnado, respostas a exercicios ou a preguntas plantexadas polo profesor, intervencións, aclaracións, ... suporán ata un 10% da nota
- Probas: exercicios escritos ou orais, sobre os contidos explicados, suporá un 60% da nota.
- Traballo en equipo e/ou individual: aqueles traballos propostos polo profesor para realizarse en equipo e/ou individualmente, ata un 10% da nota; de non levarse a cabo, este 10% pasará o ítem de "participación na aula".

Como o proceso de avaliación da aprendizaxe é continuo, a cualificación da 3ª avaliación será a que apareza reflectida na avaliación ordinaria.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación dos alumnos/-as é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e facilitarase que o alumno/-a se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que o alumno/-a non teña superada algunha das avaliacións, programarase traballo de recuperación encamiñado a que supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada.

O traballo dos alumnos/-as será individualizado de xeito que reciban axuda nas dificultades que teñan e poidan superar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social.

A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir,

trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos. Nos materiais do curso inclúense propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.11 - Formación estética	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable	X	X	X	X
ET.13 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como unha materia nos proxectos de interdisciplinariedade. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non hai proposta de actividades neste momento	Obsevacións	X		

Observacións:

Aínda que neste momento non ahi ningunha proposta, ao longo do curso poderanse engadir todas aquelas visitas e actividades que vaian xurdindo e, que sexan de interés para o alumnado.

Expoñer que, en liñas xerais, os obxectivos das actividades deste departamento son:

-Procurar unha relación entre os alumnos/-as que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.

-Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto. Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos/-as de distintas culturas.

-Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos/-as á cultura, arte e símbolos relixiosos da súa contorna.

Todas as actividades faranse en coordinación con Vicedirección.

Xunto con Xefatura de Estudos estudarase se aqueles alumnos/-as que foran apercibidos por mal comportamento, poden asistir á saída programada ou non

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programación
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planificación da situación de aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado

Descrición:

- Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

- A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, se é adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

- Se como profesorado reflexionei e avalie a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (táboas, observación, probas escritas ou orais), se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só aos resultados de

probas senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado dese seguimento permitiranos confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso

9. Outros apartados